

PROCEDEMENTO: CT207C – Subvencións para o desenvolvemento de actividades en salas cinematográficas de carácter comercial situadas en Galicia para o ano 2025.

ASUNTO: Resolución de concesión de axuda.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O día 31 de xullo de 2025, DOG núm. 145, publícase a Resolución do 18 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, para o desenvolvemento de actividades en salas cinematográficas de carácter comercial situadas en Galicia e convócanse para o ano 2025 (Código de procedemento CT207C).
2. O artigo 3 establece que o procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, ata o esgotamento do crédito, sen necesidade de prelación de solicitudes entre si, de conformidade co disposto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. O mesmo artigo establece que o criterio de repartición farase por orde de entrada das solicitudes no rexistro electrónico da Xunta de Galicia sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas bases para ser persoa beneficiaria.
4. Dende a data de 11 de agosto de 2025 e ata a fin do prazo, o 11 de setembro de 2025, recibíronse as solicitudes que se relacionan no **anexo I**, procedéndose ao seu estudo, xunto a documentación complementaria presentada e/ou requirida, de ser o caso.
5. Con data 9 de outubro de 2025, tras a instrución do procedemento, o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), ditou unha proposta de resolución, para ser elevada á Presidencia do Consello Reitor, na que se indica as solicitudes propostas para acadar subvencións e o importe económico que se propón para cada unha delas e a distribución anual correspondente, tal e como se recolle no **Anexo III**.

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
T. +34 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / industriasulturais.xunta.gal



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión da axuda o presidente do Consello Reitor de Agadic, de conformidade co disposto na base décimo quinta da Resolución do 18 de xullo de 2025, que establece que a presidencia do Consello Reitor de Agadic, deberá ditar unha resolución expresa no prazo de 15 días desde a data da elevación da proposta de resolución.
2. Todos os expedientes de solicitudes de subvencións a distribución das industrias culturais, co código de procedemento CT207C, foron tramitados e estudados conforme ás bases desta.
3. O importe da axuda ten carácter de minimis, de acordo ao Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE do 15 de decembro de 2023, Serie L).
4. Como resultado de todo o proceso, o director de Agadic como órgano instrutor presenta a súa proposta de resolución o día 9 de outubro de 2025.

Por todo o anteriormente exposto, tras examinar a proposta de resolución e de conformidade con ela,

RESOLVO

1. Declarar admitidas as solicitudes que se relacionan no **Anexo II**.
2. Subvencionar, polos importes que se expresan, as solicitudes que se relacionan no **Anexo III**.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor de Agadic. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto. Unha vez transcorrido o



devandito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, a persoa solicitante e outros posibles interesados poderán interpor un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Esta resolución notificaráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

José Carlos López Campos



ANEXO I

SOLICITUDES PRESENTADAS

EXPEDIENTE	MOD	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO
2025SC/0001	A	Santiago Díaz García	***5351**	Caldas de cine
2025SC/0002	A	María Alonso Rivero	***5119**	Programacións de cine europeo - Campañas de promoción dirixidas especificamente ao público infantil
2025SC/0003	A	Sons Galiza Comunicación, SL	B27193093	Máis cine galego e mellor
2025SC/0004	A	Trailer cines, SL	B27739267	Desarrollo de actividades de carácter comercial no cinema Cristal
2025SC/0005	A	Cine donde no hay cine, SL	B37544145	Mantenimiento y promoción del cine en a Mariña
2025SC/0006	A	Numax S Coop Galega	F70402490	Fortalecimiento da programación e difusión do cinema independente europeo e de terceiros países
2025SC/0007	A	Ruta de Comunicaciones, SL	B36456200	Continuidade do cinema en A Estrada ano 2025
2025SC/0008	A	Ciproga, SA	A36927259	Desarrollo de actividades de carácter comercial no cinema Cantones
2025SC/0009	A	Nocturama, SL	B70577481	Duplex Cinema: Programación 2025
2025SC/0010	A	Cinemavigo, SL	B44713261	Desarrollo de actividades de carácter comercial en las salas Tamberlick de Vigo
2025SC/0011	A	Séptimo Arte, SL	B36624336	Actuaciones, modernización salas de exhibición de Multicines Compostela
2025SC/0012	A	Séptimo Arte, SL	B36624336	Actuaciones, modernización salas de exhibición de Multicines Norte
2025SC/0013	A	Exhibiciones cinematográficas Pato & Miguel, SL	B70383799	Cines Cinexpo
2025SC/0014	A	Coruña Films, SL	B15560253	Cines Pontevella programación
2025SC/0015	A	Coruña Films, SL	B15560253	Cines Gran Arousa programación
2025SC/0016	A	Coruña Films, SL	B15560253	Cines Bergantiños programación
2025SC/0017	A	Ernesto Romero García	***9629**	Novocine Leiro



ANEXO II

SOLICITUDES ADMITIDAS

EXPEDIENTE	MOD	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO
2025SC/0001	A	Santiago Díaz García	***5351**	Caldas de cine
2025SC/0002	A	María Alonso Rivero	***5119**	Programacións de cine europeo - Campañas de promoción dirixidas especificamente ao público infantil
2025SC/0003	A	Sons Galiza Comunicación, SL	B27193093	Máis cine galego e mellor
2025SC/0004	A	Trailer cines, SL	B27739267	Desarrollo de actividades de carácter comercial no cinema Cristal
2025SC/0005	A	Cine donde no hay cine, SL	B37544145	Mantenimiento y promoción del cine en A Mariña
2025SC/0006	A	Numax S Coop Galega	F70402490	Fortalecemento da programación e difusión do cinema independente europeo e de terceiros países
2025SC/0007	A	Ruta de Comunicaciones, SL	B36456200	Continuidade do cinema en A Estrada 2025
2025SC/0008	A	Ciproga, SA	A36927259	Desarrollo de actividades de carácter comercial no cinema Cantones
2025SC/0009	A	Nocturama, SL	B70577481	Duplex Cinema: Programación 2025
2025SC/0010	A	Cinemavigo, SL	B44713261	Desarrollo de actividades de carácter comercial en las salas Tamberlick de Vigo
2025SC/0011	A	Séptimo Arte, SL	B36624336	Actuaciones, modernización salas de exhibición de Multicines Compostela
2025SC/0012	A	Séptimo Arte, SL	B36624336	Actuaciones, modernización salas de exhibición de Multicines Norte
2025SC/0013	A	Exhibiciones cinematográficas Pato & Miguel, SL	B70383799	Cines Cinexpo
2025SC/0014	A	Coruña Films, SL	B15560253	Cines Pontevella Programación
2025SC/0015	A	Coruña Films, SL	B15560253	Cines Gran Arousa Programación
2025SC/0016	A	Coruña Films, SL	B15560253	Cines Bergantiños Programación
2025SC/0017	A	Ernesto Romero García	***9629**	Novocine Leiro



ANEXO III
SOLICITUDES SUBVENCIONADAS, IMPORTE DAS AXUDAS E DISTRIBUCIÓN DE ANUALIDADES

EXP	MOD	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	SUBVENCIÓN	ANUALIDADE 2025	ANUALIDADE 2026
2025SC/0001	A	Santiago Díaz García	***5351**	Caldas de cine	15.000,00 €	7.500,00 €	7.500,00 €
2025SC/0002	A	María Alonso Rivero	***5119**	Programacións de cine europeo - Campañas de promoción dirixidas especificamente ao público infantil	8.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €
2025SC/0003	A	Sons Galiza Comunicación, SL	B27193093	Máis cine galego e mellor	18.000,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €
2025SC/0004	A	Trailer cines, SL	B27739267	Desarrollo de actividades de carácter comercial no cinema Cristal	15.000,00 €	7.500,00 €	7.500,00 €
2025SC/0005	A	Cine donde no hay cine, SL	B37544145	Mantenimiento y promoción del cine en A Mariña	18.000,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €
2025SC/0006	A	Numax S Coop Galega	F70402490	Fortalecemento da programación e difusión do cinema independente europeo e de terceiros países	15.000,00 €	7.500,00 €	7.500,00 €
2025SC/0007	A	Ruta de Comunicaciones, SL	B36456200	Continuidade do cinema en A Estrada 2025	15.000,00 €	7.500,00 €	7.500,00 €
2025SC/0008	A	Ciproga, SA	A36927259	Desarrollo de actividades de carácter comercial no cinema Cantones	18.000,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €
2025SC/0009	A	Nocturama, SL	B70577481	Duplex Cinema: Programación 2025	15.000,00 €	7.500,00 €	7.500,00 €
2025SC/0010	A	Cinemavigo, SL	B44713261	Desarrollo de actividades de carácter comercial en las salas Tamberlick de Vigo	18.000,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €
2025SC/0011	A	Séptimo Arte, SL	B36624336	Actuaciones, modernización salas de exhibición de Multicines Compostela	21.000,00 €	10.500,00 €	10.500,00 €
2025SC/0012	A	Séptimo Arte, SL	B36624336	Actuaciones, modernización salas de exhibición de Multicines Norte	18.000,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €
2025SC/0013	A	Exhibiciones cinematográficas Pato & Miguel, SL	B70383799	Cines Cinexpo	18.000,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €
2025SC/0014	A	Coruña Films, SL	B15560253	Cines Pontevedra Programación	18.000,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €
2025SC/0015	A	Coruña Films, SL	B15560253	Cines Gran Arousa Programación	18.000,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €
2025SC/0016	A	Coruña Films, SL	B15560253	Cines Bergantiños Programación	15.000,00 €	7.500,00 €	7.500,00 €
2025SC/0017	A	Ernesto Romero García	***9629**	Novocine Leiro	8.500,00 €	4.250,00 €	4.250,00 €

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
 Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
 15707 Santiago de Compostela
 T. +34 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / industriasculturais.xunta.gal

